

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

7965 *Real decreto 299/2021, do 27 de abril, polo que se aproba a segregación da delegación catalá do Ilustre Colexio Oficial de Xeólogos.*

A Asemblea Xeral ordinaria do Ilustre Colexio Oficial de Xeólogos (ICOX), que tivo lugar o 13 de abril de 2013, pronunciouse favorablemente á proposta de segregación da delegación catalá e acordou que a Xunta de Goberno do ICOX promovese a citada segregación ante as autoridades competentes. O dito acordo fundaméntase en que a delegación catalá propuxera a dita segregación por un número superior ao 75 % dos seus colexiados.

De conformidade co artigo 4.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, a segregación dos colexios profesionais será promovida polos propios colexios, de acordo co disposto nos respectivos estatutos, e requirirá a aprobación mediante real decreto.

O Ilustre Colexio Oficial de Xeólogos ten ámbito nacional, polo que a competencia para aprobar a segregación lle corresponde ao Estado, mentres que a creación do novo colexio é competencia da Comunidade Autónoma de Cataluña, de acordo co artigo 125 do seu Estatuto de autonomía, aprobado pola Lei orgánica 6/2006, do 19 de xullo, de reforma do Estatuto de autonomía de Cataluña.

O artigo 92 dos estatutos do Colexio Oficial de Xeólogos, aprobados polo Real decreto 1378/2001, do 7 de decembro, dispón que a segregación deberá ser proposta, como mínimo, polo 75 por 100 dos colexiados que exerzan a profesión no ámbito territorial do novo colexio. O censo colexial do territorio do novo colexio deberá ser superior a 225 colexiados.

Unha vez documentada a segregación coas oportunas certificacións, procede aprobar a segregación proposta.

Segundo a disposición derradeira primeira do citado Real decreto 1378/2001, do 7 de decembro, o Colexio Oficial de Xeólogos relacionarase coa Administración xeral do Estado a través do Ministerio de Medio Ambiente, na actualidade o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Este real decreto apróbase de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Neste sentido, esta norma é necesaria e eficaz para poder cumprir e desenvolver as disposicións contidas na normativa vixente, tanto na Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, no seu artigo 4.2, como no Real decreto 1378/2001, do 7 de decembro, polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Xeólogos, nas disposicións do seu título IX: Da segregación de colexios.

Mediante o cumprimento da normativa vixente garántese o principio de seguridade xurídica, xa que é coherente co disposto no noso ordenamento xurídico. Cumpre co principio de proporcionalidade, pois a norma contén a regulación imprescindible para atender á petición de segregación da delegación catalá.

En aplicación do principio de transparencia, realizouse a audiencia do proxecto ao Ilustre Colexio Oficial de Xeólogos. Dado que o proxecto non inclúe impactos relevantes, non se realizou a consulta pública previa, tendo en conta que a proposta se realizou sobre a base dun pronunciamento da Asemblea Xeral ordinaria do citado colexio oficial.

Atende ao principio de eficiencia, pois non incorpora cargas administrativas accesorias e contribúe á xestión racional dos recursos existentes. Por último, a norma cumpre cos

principios de eficiencia, en canto que asegura a máxima eficacia na consecución dos seus obxectivos cos menores custos posibles na súa aplicación. A norma non contén novas cargas administrativas e non supoñerá o incremento dos recursos humanos e económicos para a Administración.

O real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.^a da Constitución, polo cal lle corresponde ao Estado a competencia exclusiva sobre bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta cuarta do Goberno e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de abril de 2021,

DISPOÑO:

Artigo único. *Segregación.*

Apróbase a segregación da delegación catalá do Ilustre Colexio Oficial de Xeólogos.

Disposición adicional única. *Efectos da segregación.*

A segregación a que se refire o artigo único será efectiva a partir da entrada en vigor da norma autonómica de creación do colexio de xeólogos correspondente, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Cataluña.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.^a da Constitución, polo cal lle corresponde ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de abril de 2021.

FELIPE R.

A vicepresidenta cuarta do Goberno e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico,
TERESA RIBERA RODRÍGUEZ